



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN “POR ELES TEA OURENSE”, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE INTERVENCIÓN OCUPACIONAL E PSICOEDUCATIVA (INFANTO-XUVENIL) PARA PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISTA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, (P.A. disposición adicional 1ª do decreto 176/2015, de 3 de decembro) a directora de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN “POR ELES TEA OURENSE” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento dos servizos de atención psicolóxica destinada aos nenos con TEA a partir dos 6 anos durante o ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas con TEA e as súas familias na cidade de Ourense, durante todas as etapas do ciclo vital, dando asesoramento, terapias, actividades e tempo de ocio para construír unha identidade colectiva, baseándose na cooperación e no intercambio de coñecemento, así como facer visible esta afectación para unha correcta integración dos afectados na sociedade, e darlles os medios necesarios as persoas con TEA para que estean preparados para unha anticipación e resposta correcta ante as diferentes situacións cotiás coas que se poden atopar no día a día.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, ASOCIACIÓN “POR ELES TEA OURENSE” debe ser considerada como a única entidade de iniciativa social na cidade de Ourense especializada no desenvolvemento integral das persoas con TEA, dispoñendo da rede necesaria, do capital humano e dos medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018

